



Guía Docente				
Datos Identificativos				2014/15
Asignatura (*)	Didáctica da expresión musical	Código	652G02023	
Titulación	Grao en Educación Primaria			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Prerrequisitos				
Departamento	Composición			
Coordinación	Rosa Napal, Francisco César	Correo electrónico	francisco.napal@udc.es	
Profesorado	Rosa Napal, Francisco César	Correo electrónico	francisco.napal@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Esta materia permite adquirir o coñecemento básico dos elementos constitutivos da linguaxe musical occidental e a súa aplicación didáctica, atendendo ao currículo da educación primaria. Debido á natureza dos seus contidos, presenta unha estreita relación entre os aspectos teóricos e os prácticos, e está deseñada baixo o principio interdisciplinar.			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A53	Comprender os principios que contribúen á formación cultural, persoal e social desde as artes.
A54	Coñecer o currículo escolar da educación artística, nos seus aspectos plástico, audiovisual e musical.
A55	Adquirir recursos para fomentar a participación ao longo da vida en actividades musicais e plásticas dentro e fóra da escola.
B1	Aprender a aprender.
B11	Capacidade de comprensión dos distintos códigos audiovisuais e multimedia e manexo das ferramentas informáticas.
B15	Capacidade para utilizar diversas fontes de información, seleccionar, analizar, sintetizar e extraer ideas importantes e xestionar a información.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)		Competencias da titulación	
Comprender os principios que contribúen á formación cultural, persoal e social desde as artes.	A53		
Coñecer o currículo escolar da educación artística, no seu aspecto musical.	A54		
Adquirir recursos para fomentar a participación ao longo da vida en actividades musicais dentro e fóra da escola.	A55		
Aprender a aprender.		B1	
Capacidade de comprensión dos distintos códigos audiovisuais e multimedia e manexo das ferramentas informáticas.		B11	
Capacidade para utilizar diversas fontes de información, seleccionar, analizar, sintetizar e extraer ideas importantes e xestionar a información.		B15	
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.			C3
Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.			C5
Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.			C7

Contidos	
Temas	Subtemas



<p>MÓDULO 1. Audición: Coñecemento dos elementos que constitúen a manifestación musical a través da práctica auditiva.</p>	<ul style="list-style-type: none">1.1. Calidades do son1.2. Elementos constitutivos da música tonal occidental.<ul style="list-style-type: none">1.2.1. Ritmo.1.2.2. Melodía.1.2.3. Harmonía.1.2.4. Forma.1.3. Análise auditivo da sonoridade.<ul style="list-style-type: none">1.3.1. Timbre.1.3.2. Dinámica.1.3.3. Textura.
<p>MÓDULO 2: Práctica vogal - instrumental.</p>	<ul style="list-style-type: none">2. 1. Individual.<ul style="list-style-type: none">2.1.1. Interpretación de cancións.2.1.2. Realización de ritmos con percusión corporal.2.1.3. Interpretación de melodías na frauta doce.2.1.4. Realización de acompañamentos harmónicos básicos en instrumentos polifónicos.2.2. Colectiva.<ul style="list-style-type: none">2.2.1. Fundamentos do canto coral.2.2.2. Grupo instrumental mixto.2.2.3. Improvisación.
<p>MÓDULO 3: Elementos que conforman a linguaxe musical, consolidada en occidente, entre os séculos VII - XIX.</p>	<ul style="list-style-type: none">3.1. Sistema tonal.<ul style="list-style-type: none">3.1.1. Intervalos.3.1.2. Tonalidade.3.1.3. Modalidade.3.1.4. Escalas.3.1.5. Acordes.3.1.6. Funcións tonais.3.2. Métrica y ritmo.<ul style="list-style-type: none">3.2.1. Pulso.3.2.2. Compás.3.2.3. Agrupacións rítmicas.3.2. Signos empregados para representar os seguintes aspectos:<ul style="list-style-type: none">3.2.1. Duración.3.2.2. Altura.3.2.3. Dinámica.3.2.4. Articulación.3.2.5. Timbre.3.2.6. Carácter.3.2.7. Repetición.3.2. Notación alternativa.<ul style="list-style-type: none">3.2.1. Cifrado americano.3.2.2. Tablatura.3.2.3. Musicograma.
<p>MÓDULO 4. Música, movemento e xogo. Integración de diferentes recursos na expresión musical.</p>	<ul style="list-style-type: none">4.1. Representación espacial do son.4.2. Creación e aprendizaxe de coreografías.4.3. O conto musicalizado.4.4. O xogo musical.4.5. O teatro musical.



<p>MÓDULO 5: Bases teóricas. Estudo das mais importantes liñas da pedagogía musical xurdidas no século XX</p>	<p>5.1. Métodos relevantes do século XX, entre outros:</p> <ul style="list-style-type: none"> 5.1.1. Emile Jaques-Dalcroze. 5.1.2. Zoltán Kodály. 5.1.3. Carl Orff. 5.1.4. Edgar Willems. 5.1.5. Justine B. Ward. 5.1.6. Shinichi Suzuki. <p>5.2. Novos enfoques do ensino musical, entre outros:</p> <ul style="list-style-type: none"> 5.2.1. David J. Hargreaves. 5.2.2. Keith Swanwick. 5.2.3. Elliot David J. 5.2.4. Lucy Green. 5.2.5. David K. Lines.
<p>MODULO 6: Introducción ás TIC e ás novas tecnoloxías aplicadas ao ensino musical.</p>	<p>6.1. Secuenciación MIDI. 6.2. Edición de partituras. 6.3. Edición de audio. 6.4. Transferencia de arquivos.</p>

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	6	0	6
Traballos tutelados	4	20	24
Investigación (Proxecto de investigación)	1	18	19
Obradoiro	20	20	40
Proba mixta	1	2	3
Sesión maxistral	16	32	48
Atención personalizada	10	0	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Valoración dos coñecementos previos do alumnado.
Traballos tutelados	<p>Realización dunha proposta didáctica que, fundamentada na revisión e análise de documentos, bases de datos, páxinas web, etc., terá dúas partes: a presentación dunha coreografía e a elaboración de elementos didácticos con material manipulable.</p> <p>Estas propostas poderán ter o apoio dos seguintes recursos:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Musicalización de textos, dramatización musical e creación de xogos musicais. 2. Interpretación de pezas vogais, instrumentais e mixtas. 3. Emprego de playback, audiovisuais, musicogramas dinámicos, etc. <p>Os traballos serán realizados por grupos de cinco membros como máximo, e para que sexan válidos deberán responder aos obxectivos e contidos da materia.</p>
Investigación (Proxecto de investigación)	Indicarase un traballo de investigación relacionado coa materia. As orientacións do profesor/a guiarán ao alumnado no proceso de realización. Indicaranse lecturas obrigatorias e recomendadas.
Obradoiro	<p>Actividades individuais e colectivas que abranguerán os seguintes aspectos na súa dimensión práctica e didáctica:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Interpretación vocal. 2. Interpretación instrumental. 3. Elementos básicos de dirección vocal e instrumental. 4. Aplicación das novas tecnoloxías á práctica e ensino musical.



Proba mixta	Esta proba realizarase en dúas fases: a primeira (escrita) consistirá na realización de exercicios prácticos relacionados co temario oficial. A segunda (oral) consistirá na execución dunha ou varias cancións (a elección do profesor), entre as obrigatorias do curso. As cancións leranse e mediranse (solfeo), cantaranse a capella e interpretaranse coa fruta doce.
Sesión maxistral	Presentación e desenvolvemento na aula dos conceptos fundamentais dos contidos propostos. Explicación do contido temático por parte do profesorado ou de profesionais especialistas convidados/ás. Cando o profesorado responsable da materia organice concertos, conferencias, seminarios, congresos ou charlas sobre temáticas relacionadas coa materia, serán consideradas tamén dentro deste apartado, e por tanto de obrigada asistencia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Obradoiro Traballos tutelados Investigación (Proxecto de investigación) Sesión maxistral Proba mixta	Orientación e seguimento por parte do profesor/a tanto en horas de clase coma de tutoría. Con isto preténdese promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais).

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Obradoiro	Dado que se trata dunha práctica en grupo, na súa avaliación terase en consideración a capacidade de traballo en equipo e de comunicación das propias ideas mediante a creación dun ambiente propicio, así como capacidade para integrarse nun proxecto común destinado á obtención de resultados. Será necesario ter un mínimo de 10 prácticas correctamente realizadas para superar este apartado, polo que implica a obrigatoriedade da asistencia a clase por parte do alumnado.	20
Traballos tutelados	Realización dunha proposta didáctica que, fundamentada na revisión e análise de documentos, bases de datos, páxinas web, etc., terá dúas partes: a presentación dunha coreografía e a elaboración de elementos didácticos con material manipulable. Teranse en conta os seguintes aspectos: <ol style="list-style-type: none"> 1. Orixinalidade. 2. Creatividade. 3. Utilidade práctica e viabilidade. 4. Coherencia cos obxectivos e contidos da materia 	15
Investigación (Proxecto de investigación)	Presentación e defensa oral dun traballo de investigación sobre un tema relacionado coa materia no que se valorarán os seguintes aspectos: <ol style="list-style-type: none"> 1. Profundidade dos contidos. 2. Emprego da linguaxe apropiada. 3. Uso axeitado das fontes documentais. 4. Seguridade e claridade na exposición oral. 	15
Sesión maxistral	Realizarase unha ou varias probas escritas que integrarán diferentes formatos: <ol style="list-style-type: none"> 1. Probas de resposta breve. 2. Preguntas tipo test. 3. Preguntas abertas. 4. Exercicios prácticos. 	25
Proba mixta	Realizaranse as seguintes probas prácticas: <ol style="list-style-type: none"> 1. Escritura e lectura musical. 2. Entoación vocal a capella. 3. Interpretación con fruta doce. 	25

Observacións avaliación



Para aprobar a asignatura cómpre superar cada un dos anteriores apartados e obter unha nota mínima de 5 sobre 10 en cada un dos exames da proba mixta. No alumnado que, de xeito debidamente xustificado non poda realizar as prácticas instrumentais, deberá realizar unha proba dos contidos traballados na aula. Debido a que parte desta materia consiste na interpretación instrumental e vogal en grupo, o alumno que reúna os requisitos para considerarse non presencial deberá acudir á proba acompañado como mínimo de catro persoas. No caso de no ser posible isto, presentará o acompañamento das pezas do programa en calquera formato dixital dos que se contemplan nos contidos da materia.

Como consideración xeral, terase especialmente en conta, tanto nos exames como nos traballos, as deficiencias ortográficas, de puntuación e acentuación, así como unha redacción inconexa ou inadecuada, deficiente presentación, excesivo número de riscaduras, etc. Todo elo suporá redución de puntos da nota obtida.

Farase especial fincapé no coidado do medio ambiente en prol dunha educación e sociedade sostenible. Atendendo a isto, sempre que sexa posible, na elaboración dos traballos empregarase materiais reciclables e evitarase o uso de produtos plásticos na entrega dos mesmos.

Fontes de información

Bibliografía básica

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías